

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Número de expediente: 2019/BASESPS/000002

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2015 E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 13/05/2019, prestou aprobación ás bases reguladoras dos procesos selectivos para o acceso a varias prazas vacantes no Concello de Pontevedra, incluídas na OEP do ano 2015 e na OEP do ano 2017.

Unha vez publicado o texto íntegro das referidas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP núm.99, do 27/05/2019), detectouse un erro material no cuarto parágrafo da base 4ª (titulada Fase de oposición) das bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 1 praza de Inspector/a de urbanismo e medio ambiente, en relación ao reparto dos temas do programa no segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na sesión de data 03/06/2019, por unanimidade, adoptou o seguinte:

ACORDO

“(…)

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte corrección do erro detectado na base 4ª das bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 1 praza de Inspector/a de urbanismo e medio ambiente, integradas dentro das bases reguladoras dos procesos selectivos para o acceso a varias prazas vacantes no Concello de Pontevedra, incluídas na OEP do ano 2015 e na OEP do ano 2017, publicadas no BOP núm.99, do 27/05/2019, nos termos que se expoñen a continuación:

Mércores, 19 de xuño de 2019

Núm. 116

Onde di:

“(...)

Segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos no programa, dous correspondentes á segunda e terceira parte, e outros dous correspondentes á cuarta e quinta parte. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

(...)”

Debe dicir:

“(...)

Segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos no programa, un correspondente á parte xeral, un correspondente ao intervalo dos temas 13 a 32 da parte específica, un correspondente ao intervalo dos temas 33 a 43 da parte específica e un correspondente ao intervalo dos temas 44 a 60 da parte específica. Este exercicio puntuaranse de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente, ante o tribunal, en sesión pública.

(...)”

Quedan subsistentes os demais extremos do devandito acordo.

SEGUNDO.-Publicar o presente acordo de corrección de erro no Boletín Oficial da Provincia e enviar o correspondente anuncio ao Diario Oficial de Galicia e ao Boletín Oficial do Estado para a súa publicación xunto co anuncio da convocatoria dos procesos selectivos regulados polas bases reguladoras obxecto de corrección.

(...)”

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Mércores, 19 de xuño de 2019

Núm. 116

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica.

O Concelleiro de Persoal, Réxime Interior
e Patrimonio

Vicente Legísima García

